

PORCINO CEBADO			
EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,280	+0,01	<p>Baixo mínimos: A pesares da suba rexistrada hoxe no porco cebado (a primeira do presente ano), este segue sometido baixo a barreira psicolóxica do Euro e non parece claro que arranque claramente nas vindeiras semanas a pesares de estar xa metidos no ecuador de febreiro, cando as cotizacións deberían ter xa repuntado</p> <p>Análise de Mercado: O mercado do vivo segue con pesadez (hai oferta), aínda que tamén tira a demanda; o problema non ven tanto pois do mercado do vivo senón da situación dos mercados cárnicos. Os consumos europeos seguen moi apáticos pola sicosse da crise e a exportación non tira.</p> <p>Pesos. Os pesos en canle subiron lixeiramente tras as dúas semanas consecutivas de baixas, aínda que seguen situándose nos valores do pasado ano.</p> <p>Mercados Europeos: Os mercados Europeos mantéñense, nunha senda de estabilidade algúns, e outros á baixa. Existe unha clara tensión nos matadoiros para a baixa do vivo no norte de Europa (Alemania pese a estas presións repetiu), que fixo que as previsións alcistas feitas para a segunda quincena de febreiro se revisen á baixa cada día; o problema do consumo pesa como unha lousa: o mercado cárnico interior non despega, con prezos da carne moi axustados, e tampouco o fai a exportación, presionada polas depreciacións de moitas divisas dos países do Leste e mesmo da Libra Esterlina con respecto ao Euro.</p>
SELECTO	1,005	+0,01	
NORMAL	0,980	+0,01	
CASTRADO	1,300	0,00	
CANAL II	1,273	+0,013	
DESVELLE	0,68/0,74	0,00	

BACORIÑOS			
PROCED	EUROS		
	KG.	UNIDADE	DIF
ÚNICA	2,25	45,00	+3,00
VIARIAS	2,00	40,00	+3,00

BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:
ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS).
DE VIARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)

Despega o mercado dos bacoriños presionado polo problema do cebo: Na xunta de prezos da pasada semana, por unanimidade de todos os axentes procedeu a un troco de configuración na cotización do bacoriños, que levou aparelado un troco no regulamento do Sector do Porcino na Lonxa Agropecuaria de Galicia. Así, co fin de refrexar un pouco mellor a situación do mercado, o bacoriño tipifícase na lonxa para unha base de 20 quilos de peso, e atendendo a se estes veñen "dunha única procedencia" (lotes de máis de 500 animais) ou de "Varias procedencias" (lotes de menos de 500 animais).

Situación de mercado: O ambiente xeral do mercado segue a estar claramente ensombrecido polo baixo prezo do porco cebado; deste xeito e aínda que a oferta é axustada, as restricións financeiras dos cebadoiros impiden que o leitón suba con máis claridade. É por iso que tanto a oferta como a demanda sinalan que as subas non poderán ser sustentábeis se non se acompaña unha recuperación acorde do cebo, que se antolla lonxana.

OVOS				
CLASE	EUROS			
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.
XL	1,59	+0,01	1,59	+0,01
L	1,31	+0,01	1,31	+0,01
M	1,27	+0,02	1,27	+0,02
S	0,96	+0,01	0,96	+0,01

Segunda semana con lixeiras subas. Xaneiro confirmou un troco de ciclo no mercado do ovo. Subiron as existencias ao diminuír as vendas, provocando certa sobreoferta no mercado e unha lóxica baixa das cotizacións (de cinco céntimos nas gramaxes inferiores do ovo - agás na XL). Agora, nas dúas semanas do presente mes de febreiro, as cotizacións incrementáronse lixeiramente, o que confirma que o mercado non só voltou a equilibrar a oferta/demanda, senón que mesmamente permitiu que a demanda espertara. Éntrase nunha situación de estabilidade moderada, con subas moi lixeiras nas gramaxes inferiores.

GALIÑAS DE DESVELLE		
	EUROS	
	KG.	DIF
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,28/0,41	0,00

Estabilidade na cotización das galiñas: Tras a suba rexistrada na pasada semana, o que fixo que novamente a cotización pasara por riba dos valores de 2008 (sendo xa estes altos), a cotización da galiña mantense na presente semana o que confirma un novo punto de inflexión no mercado tras as baixas nas primeiras semanas do ano. O repunte puntual da oferta "lóxico pola reposición das galiñas en granxa no primeiro mes do ano", desapareceu. As cotizacións son un 13,89% superiores ás da mesma semana de 2008.

COELLO		
	EUROS	
	KG.	DIF
GRANXA EN VIVO		
NOVO	1,38	0,00

Estabilidade na cotización do coello: Xaneiro actuou como estacionalmente corresponde, cun desplome claro na cotización: (-0,44 € -17%). Tras isto poderíamos pensar que as cotizacións xa tocaron fondo e que se podería estar encarrando o primeiro máximo anual (marzo/abril). Mais a situación non está clara; se ben a produción insiste en que se axustou a oferta, non hai coello, e que necesitan subas para poder subsistir. Os matadoiros manifestan unha situación de consumo escaso (lastrado pola crise), que deixa uns prezos das canles que non se corresponden co prezo de lonxa.



LOLXA
AGROPECUARIA
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfo 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	128.959
TOTAL ASISTENCIA	620		
TOTAL ADXUDICADOS	570		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	96	150
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	114	142
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	176	114

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	367	233
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	375	260
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	417	313

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	462	421
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	480	502

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	200.361
TOTAL ASISTENCIA	337		
TOTAL ADXUDICADOS	325		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.479
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	911
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	539
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	263

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	52.361
TOTAL ASISTENCIA	80		
TOTAL ADXUDICADOS	74		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,44	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,28	2,07
RAZA RUBIA GALEGA	2,53	2,46

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría